



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 29 de xuño de 2016, á vista das avaliacións achegadas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña e o Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol e Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

NINTEDANIB

En combinación con docetaxel para o tratamento de adultos con cancro de pulmón non microcítico (CPNM), localmente avanzado, metastásico ou localmente recorrente con histoloxía tumoral de adenocarcinoma, despois da quimioterapia de primeira liña baseada en platino, e que cumpran os seguintes criterios:


- Expectativa de vida ≥ 3 meses.
- ECOG: 0-1.
- Ausencia de mutación EGFR/ translocación ALK ou mutación descoñecida.
- Cancro de rápida progresión (considerando que un cancro é de rápida progresión cando progresa en torno aos 9 primeiros meses desde o inicio da primeira liña de tratamento).

De acordo á evidencia dispoñible, non serían candidatos a tratamento con nintedanib aqueles pacientes que:

- Recibiran mais de unha liña de tratamento previo
- Recibiran tratamento previo con medicamentos antianxioxénicos, salvo Bevacizumab.
- Presenten metástase cerebral non controlada
- Sufran enfermidade cardiovascular relevante

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2016

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica



COMISIÓNS DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE